

**RESOLUCIÓN DO 30 DE XUÑO DE 2020 DO TRIBUNAL DESIGNADO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL (DOG número 103, de 29 de maio de 2020)**


Na sesión que tivo lugar o día 30 de xuño de 2020, o tribunal nomeado pola Orde do 12 de xuño de 2020 (DOG núm. 123 do 23 de xuño) para xulgar o proceso selectivo unitario para a cobertura de postos de auxiliares de Policía Local

**ACORDOU:**

1. Publicar como anexo I a esta resolución, os chamamentos organizados por portas para a realización da proba de coñecementos e, de ser o caso, da proba de coñecementos da lingua galega, seguindo as seguintes indicacións:
  - A duración da proba de coñecementos é de 60 minutos, consiste en 50 cuestións tipo test con catro respostas alternativas, na que soamente unha delas é a correcta. Hai tres (3) preguntas de reserva.
  - A proba desenvolverase no pavillón 2 do recinto feiral de Silleda (Recinto Ferial, s/n, 36540 Silleda, Pontevedra), o chamamento é único e comezará as 15:00 horas.
  - O uso da mascarilla é obrigatorio
  - Todas as persoas aspirantes situaranse na súa porta de chamamento, conforme as sinais e indicacións que se reciba, gardando a distancia de seguridade de 1.5 metros.
  - Deberán ensinar o seu DNI ou documento que acredite a súa identidade e sexa válido, previa apreciación dos/as membros do tribunal.

- Non se poderá abandonar o lugar de realización da proba ata o remate do tempo máximo fixado para a mesma, e o presidente do tribunal así o indique, unha vez recollidas e contadas todas as plantillas.
  - Non se permitira levantarse nin ir aos aseos, e aqueles que por motivos médicos o precisen, deberán levar o correspondente certificado asinado por un facultativo.
  - Non está permitido o acceso ao recinto onde se vai a desenvolver a proba con teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou calquera outro aparato electrónico. Non se habilitará ningún espazo para a súa recollida ou depósito.
  - Deberán acceder ao recinto con lapis do nº 2 e goma de borrar, para cumprimentar a folla de respostas da proba de coñecementos. E para realizar a proba de galego, deberán acceder con bolígrafo de cor azul.
2. A terceira proba do proceso selectivo, correspondente a avaliación de coñecementos da lingua galega, realizarase a continuación da proba de coñecementos, e haberá un novo chamamento, na porta 1 do pavillón 2 do mesmo recinto.
- Achegase como anexo II a esta Resolución a listaxe de persoas que deben facer esta proba, por non acreditar documentalmente o seu coñecemento.
3. Como anexo III a esta Resolución, publícase unha nova relación de postos a cubrir, segundo as comunicacións efectuados polos concellos á AGASP.

A Estrada, 30 de xuño de 2020



Juan Ignacio Saiz Martin

Presidente do tribunal.